**Quinto.** Dito acordo é notificado á concesionaria e en data 3/04/2014 preséntase en Correos, con selo de imposición de data, recurso de reposición contra o mesmo, que é recepcionado no rexistro xeral de documentos municipal o 7/4/2014, con NRE 2703.

**Sexto.** O dito recurso é desestimado por silencio administrativo e Global Vambro, SLU, presenta recurso contencioso-administrativo ante dita desestimación presunta do recurso de reposición ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Santiago de Compostela, que se substancia baixo o número de autos PO 166/2014 que finaliza por sentenza 213/15, de 20/05/2015 na que se falla estimar: <<El recurso contencioso-administrativo Nº 1066/2014, interpuesto por GLOBAL VAMBRÚ S.L.U., contra la desestimación presunta del recurso de reposición interpuesto contra el acuerdo del Pleno del Concello de Padrón, de 27 de febrero de 2014, por el que se desestiman las alegaciones presentadas contra el acuerdo del Pleno de la corporación Municipal de 29 de agosto de 2013 y se imponen a la entidad recurrente, concesionaria del servicio municipal de recogida y transporte de los residuos sólidos urbanos las siguientes penalidades por incumplimientos calificados como muy graves:

1) Resistencia reiterada a los requerimientos efectuados por la Administración municipal de que se abstuviera de abandonar el servicio el día 31 de agosto de 2012, 30.000 euros y 2) Utilización de elementos de trabajo diferentes a los previstos en los pliegos en la oferta del contratista cuando produzcan un perjuicio grave a la ejecución del contrato: adscripción al servicio de un camión de características distintas a las ofertadas entre el 1 de marzo de 2010 y el 31 de agosto de 2012; 49.260,54 euros, acordándose igualmente que responda la garantía definitiva del cumplimiento de dichas penalidades, y, en consecuencia, se anulan y dejan sin efecto.

2.- Las costas se imponen a la Administración demandada, con una limitación de 400 euros...>>

#### **Fundamentos de Dereito.**

**Primeiro.** Considerando que o xulgado impón as costas procesais ao Concello de Padrón e que, polo tanto, debe procederse ao seu aboamento.

**Segundo.** Considerando que existe crédito axeitado e suficiente, en todo caso a nivel de vinculación xurídica, na aplicación orzamentaria 920/22699 do orzamento vixente e se realizou a oportuna retención de crédito.

**Terceiro.** Considerando que o órgano competente para a súa aprobación é a Xunta de Goberno Local, ao abeiro do disposto no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no BOP da Coruña nº 27 de 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, que establece que o Alcalde delega na Xunta de Goberno Local as atribucións delegables do artigo 61.1 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre as que se atopan autorizar e dispoñer os gastos dentro dos límites da súa competencia, ordenar os pagos, rendir as contas e o desenvolvemento da xestión económica conforme ao orzamento aprobado.

#### **PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL Á ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**Primeiro:** Aprobar o gasto en concepto de costas procesais impostas pola sentenza número 213/15 do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Santiago de Compostela recaída no procedemento ordinario 1066/2014 en virtude do recurso contencioso-administrativo interposto por Global Vambro, SLU, contra a desestimación presunta do recurso de reposición interposto contra o acordo do Pleno de 27/02/2014 de imposición de penalidades a Global Vambro, SLU, por incumplimentos na execución do





# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@concellodepadrón.es](mailto:correo@concellodepadrón.es)  
[www.concellodepadrón.es](http://www.concellodepadrón.es)  
Tf: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

contrato de xestión do servizo público de recollida e transporte de RSU, , por importe de 400,00 € e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación orzamentaria 920/226.99 do orzamento vixente.

**Segundo:** Ordena-lo pago da mencionada cantidade.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente. >>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar o gasto en concepto de costas procesais impostas pola sentenza número 213/15 do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Santiago de Compostela recaída no procedemento ordinario 1066/2014 en virtude do recurso contencioso-administrativo interposto por Global Vambru, SLU, contra a desestimación presunta do recurso de reposición interposto contra o acordo do Pleno de 27/02/2014 de imposición de penalidades a Global Vambru, SLU, por incumprimentos na execución do contrato de xestión do servizo público de recollida e transporte de RSU, , por importe de 400,00 € e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación orzamentaria 920/226.99 do orzamento vixente.

**Segundo:** Ordena-lo pago da mencionada cantidade.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

## 33.- ABONO DE SANCIÓN POR INFRACCIÓN TRIBUTARIA.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 19 de xuño de 2015:

<<**Antecedentes administrativos:**

**Primeiro.** O Concello de Padrón ten alugada unha nave industrial que se usa coma sede do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES), abonando polo dito servizo un importe mensual coa conseguinte retención de IRPF ao arrendador, HICOFER,SL.

**Segundo.** Na liquidación do IRPF correspondente aos trimestres 1º e 2º do exercizo económico 2014, data de inicio dos pagos, o abono dos importes correspondentes ao IRPF retido ao citado arrendador, liquidouse no modelo 111 xunto coas retencións a traballadores e colaboradores por importe de 1.260,00 euros no primeiro trimestre do 2014 (630,00 euros correspondentes ao exercizo 2013 e 630,00 euros correspondentes ao primeiro trimestre do 2014), e 420,00 euros do segundo trimestre.

A liquidación do 3º trimestre, por importe de 840,00 euros, xa se efectuou no modelo 115, unha vez consultado con persoal da Axencia Tributaria a maneira de facelo.

Advertido o erro, en data 13/11/2014 efectuouse novamente o ingreso dos importes correspondentes aos trimestres 1º e 2º do 2014, esta vez no modelo 115.

Habida conta de que a data novembro do 2014 o pago se ten efectuado por duplicado, solicítase devolución dos importes, que foron devoltos a este Concello, constando comunicacións de pago.

**Terceiro.** En data 19/02/2015, con NRE 1339, recepcióname proposta de liquidación provisional da Axencia Tributaria por importe de 630,00 € por non ter presentado Declaración Anual de Retencións e Ingresos a conta do IRPF sobre rendementos procedentes do arrendamento de inmobles urbanos (modelo 180) correspondente ao exercizo 2013, concedendo un prazo de 10 días hábiles para presentar alegacións e achegar os xustificantes que se consideren precisos en defensa dos intereses municipais. Así en data 20/02/2015, con NRS 931 de 23/02/2015, presentouse unha alegación fundamentada en que a factura de aluguer do mes de decembro do 2013 da empresa HICOFER, SL, foi abonada o 9/01/2014, reténdose o correspondente IRPF (630,00 €) e liquidándose éste a Facenda no primeiro trimestre do 2014. Por conseguinte, o IRPF da amentada factura foi incluído no modelo 180 do exercizo económico 2014 e non se atopa, pois, pendente de pago.

**Cuarto.** En data 18/03/2015, con NRE 2187, recíbese notificación de resolución con liquidación provisional no expediente de referencia no que non se ten en conta a alegación presentada e se practica liquidación por importe de 630,00 € de principal e 34,12 euros de xuros por non ter pagado no 4º trimestre do 2013 o importe de 630,00 € correspondente ao IRPF da factura de decembro de Hicofer, sl.

**Quinto.** En data 17/04/2015 foi presentado recurso de reposición á dita liquidación que foi desestimado por extemporáneo, co cal o Concello abonou novamente os 630,00 € máis o recargo de 34,12 €, solicitando en data 20/05/2015 un reintegro de pago de 630,00 € por terse producido unha duplicidade.

**Sexto.** En data 21/04/2015 recibíuse acordo de inicio e comunicación de trámite de audiencia dun expediente sancionador por non ter presentado en prazo o modelo 180 correspondente ao exercizo económico 2013, cuxa notificación de acordo definitivo foi recepcionado o 17/06/2015, con NRE 5424, por importe de 413,44 €.

#### **Fundamentos de Dereito.**

**Primeiro.** Considerando que non se tiveron en conta as alegacións presentadas na tramitación do presente expediente.

**Segundo.** Considerando que existe crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 920/226.99 do orzamento vixente prorrogado para o 2015, en todo caso a nivel de vinculación xurídica, para atender ao gasto da devandita sanción e que se fixo a oportuna retención de crédito.

**Terceiro.** Considerando que o órgano competente para aprobar gastos, recoñecer obrigas e ordenar pagos é a Xunta de Goberno Local ao abeiro do disposto no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencia na Xunta de Goberno Local

#### **PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**Primeiro:** Aprobar o gasto da sanción de 413,44 € imposta ao Concello de Padrón pola Axencia Tributaria por non ter presentado en prazo o modelo 180 correspondente á retención de IRPF do exercizo 2013 do aluguer da nave do GES e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación orzamentaria 920/226.99 do orzamento vixente prorrogado para o 2015.

**Segundo:** Ordenar á Tesoureira Municipal o pago da devandita sanción como data límite o 05/08/2015.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo a todos os interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal se poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Alcalde-



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@concellodepadron.es](mailto:correo@concellodepadron.es)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Presidente do Concello de Padrón, dentro do prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación do acto, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar o gasto da sanción de 413,44 € imposta ao Concello de Padrón pola Axencia Tributaria por non ter presentado en prazo o modelo 180 correspondente á retención de IRPF do exercizo 2013 do aluguer da nave do GES e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación orzamentaria 920/226.99 do orzamento vixente prorrogado para o 2015.

**Segundo:** Ordenar á Tesoureira Municipal o pago da devandita sanción como data límite o 05/08/2015.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo a todos os interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal se poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Alcalde-Presidente do Concello de Padrón, dentro do prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación do acto, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

## 34.- APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DA CONSELLERÍA DE FACENDA EN CONCEPTO DE XUROS DE DEMORA POR REINTEGRO DA SUBVENCIÓN: MEDIO AMBIENTE, LIMPEZA EN XERAL -TR351A 2009/636-1.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 24 de xuño de 2015:

### <<Antecedentes administrativos:

**Primeiro.** A Orde do 29/12/2008 da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2009.

**Segundo.** Tras a tramitación do oportuno expediente, mediante Resolución da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia de 10/06/2009 comunicase ao Concello de Padrón a concesión dunha subvención para a contratación de 2 persoas desempregadas para a realización do servizo: MEDIO AMBIENTE: LIMPEZA EN XERAL por un importe global de 16.780,08 euros.

**Terceiro.** Os gastos efectuados con cargo á antedita subvención e que foron obxecto de xustificación son os seguintes, tal e como consta na certificación de fin de servizo que obra no expediente:

SUBVENCIÓN INGRESADA POLA ADMINISTRACIÓN (A)	SUBVENCIÓN XUSTIFICADA POLA ENTIDADE (B)	DIFERENCIA (Importe a reintegrar) (A-B)
16.780,08 €	16.155,74 €	624,34 €

**Cuarto.** En data 29/01/2015, con NRE 618, recepciónse notificación da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia pola que se comunica a este Concello a procedencia do reintegro parcial da axuda concedida ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2008, por un importe de 624,34 €, máis os xuros de demora esixibles de acordo coa normativa vixente, que se lle liquidarán no seu momento pola Consellería de Facenda.

**Quinto.** En data 03/02/2015 emítese o informe-proposta da interventora municipal.

**Sexto.** Por acordo da Xunta de Goberno Local de 12/02/2015 recoñécese a procedencia do reintegro parcial

da dita subvención a favor da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, apróbase o gasto que comporta o dito reintegro por importe de 624,34 euros e ordénase o pago do dito importe, que se fai efectivo o 25/02/2015.

**Sétimo** . En data 28/01/2015 rexístrase de entrada notificación da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia de resolución declarativa de procedencia de reintegro.

**Oitavo**. En data 18/06/2015, con NRE 5442, notificase resolución da Consellería de Facenda pola que se liquidan os xuros correspondentes ao reintegro da subvención de referencia cifrados en 160,32 euros.

#### **Fundamentos de Dereito:**

**Primeiro:** Considerando que o órgano competente para aprobar o gasto que comporta o pago dos ditos xuros de demora, ao amparo do réxime de delegacións de competencias establecido no artigo 14 do Regulamento Orgánico Municipal, publicado no BOP número 27, de 3 de febreiro de 1998, é a Xunta de Goberno Local.

#### **PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**Primeiro..** Aprobar o gasto por importe de 160,32 € en concepto de xuros de demora polo reintegro da subvención MEDIO AMBIENTE. LIMPEZA EN XERAL-TR351A 2009/636-1, e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación orzamentaria 920/226.99.

**Segundo.** Ordenar o pago do devandito importe.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Cuarto:** Dar traslado do presente acordo á Tesoureira Municipal.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro..** Aprobar o gasto por importe de 160,32 € en concepto de xuros de demora polo reintegro da subvención MEDIO AMBIENTE. LIMPEZA EN XERAL-TR351A 2009/636-1, e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación orzamentaria 920/226.99.

**Segundo.** Ordenar o pago do devandito importe.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Cuarto:** Dar traslado do presente acordo á Tesoureira Municipal.

**35.- DEVOLUCIÓN DO AVAL PRESENTADO EN GARANTIA DO ABONO A CONTA REALIZADO Á SINATURA DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A ELEBORACIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN.**



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@concellodepadrón.es](mailto:correo@concellodepadrón.es)  
[www.concellodepadrón.es](http://www.concellodepadrón.es)  
Tf: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 19 de xuño de 2015:

## <<Antecedentes administrativos:

**Primeiro.** En data 02/08/2013 constituíuse na Tesourería Municipal aval bancario emitido por Caixabank, SA, por importe de 32.000,00 € en concepto de garantía do abono a conta realizado á sinatura do contrato de referencia conforme ao previsto no Prego de cláusulas administrativas particulares e rexistrado no rexistro especial de avales co número 9340.03.1762014-56, e no programa contable municipal coa referencia AVD2013014.

**Segundo.** En data 23/12/2014, con NRE 10164, Ángel Viña Carregal, en nome e representación da empresa Oficina de Planeamiento, SA, solicita a devolución do dito aval bancario constituído para garantir o abono a conta realizado á sinatura do contrato, habida conta de que en data 24/11/2014 presentouse o documento para a aprobación inicial do Plan Especial de protección e rehabilitación do conxunto histórico de Padrón.

**Terceiro.** En data 1/06/2015 asínase a acta de recepción parcial 2 do contrato de referencia relativa á fase dos traballos de documento para a aprobación inicial na que se fai constar polo Alcalde, o contratista e o responsable do contrato que unha vez revisado e informado o documento para a aprobación inicial, resulta que o seu contido se adecúa ás esixencias establecidas no contrato asinado, no cronograma aprobado e na oferta presentada polo adxudicatario, autorizándose a tramitación correspondente dos traballos presentados.

**Cuarto.** En data 11/06/2015 emítense pola interventora municipal informe favorable á devolución do aval de referencia.

## Fundamentos de Dereito:

**Primeiro.** Visto que é competencia da Xunta de Goberno Local a devolución do aval de referencia ao abeiro do disposto no artigo 14 do Regulamento Orgánico Municipal, publicado no BOP número 27 de 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

## PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

**Primeiro.** Devolver a Ángel Viña Carregal, en nome e representación de Oficina de Planeamiento, SA, o aval bancario depositado na entidade CAIXABANK, SA, por importe de 32.000,00 € (número de inscrición no Registro Especial de Avales 9340.03.1762014-56) presentado ao Concello de Padrón en garantía do abono a conta realizado á sinatura do contrato de servizos de elaboración do Plan Especial de Protección e Rehabilitación do Conxunto Histórico de Padrón (expte número 23/2012-SER-PA), habida conta de que se teñen cumprido os condicionantes establecidos na cláusula 22.3 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexeron o dito contrato.

**Segundo.** Notificar o presente acordo o interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Terceiro.** Dar traslado do presente acordo ao departamento de Tesoureiría.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Devolver a Ángel Viña Carregal, en nome e representación de Oficina de Planeamiento, SA, o

aval bancario depositado na entidade CAIXABANK, SA, por importe de 32.000,00 € (número de inscrición no Registro Especial de Avals 9340.03.1762014-56) presentado ao Concello de Padrón en garantía do abono a conta realizado á sinatura do contrato de servizos de elaboración do Plan Especial de Protección e Rehabilitación do Conxunto Histórico de Padrón (expte número 23/2012-SER-PA), habida conta de que se teñen cumprido os condicionantes establecidos na cláusula 22.3 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexeron o dito contrato.

**Segundo.** Notificar o presente acordo o interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Terceiro.** Dar traslado do presente acordo ao departamento de Tesoureira.

### **36.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA A EXCAVACIONES OVIDIO SL NO CONTRATO DE OBRAS "CAMIÑO SOBERRIBAS A CRUXEIRAS DE ABAIXO (CARCACÍA) E OUTRO".**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 24 de xuño de 2015:

#### **<<Antecedentes administrativos:**

**Primeiro.** Por Resolución do Alcalde 815/2014, do 1 de decembro, acórdas solicitar a AGADER con cargo ao plan marco de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015 unha subvención por importe de 62.512,00 euros para o financiamento das obras descritas no proxecto: "Camiño Soberribas a Cruxeiras de Abaixo (Carcacía) e outro", apróbase este proxecto e acéptanse as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución de convocatoria do plan.

**Segundo.** En data 3/12/2014 rexístrase de saída a solicitude de axuda e o 15/01/2015 ten entrada no rexistro municipal a comunicación da Resolución do director xeral de Agader do 15/12/2014 pola que se concede a axuda solicitada.

**Terceiro.** Por providencia do Alcalde de 03/03/2015 incóase o expediente de contratación da obra de referencia.

**Cuarto.** Previos informes desfavorables de secretaría e intervención ás obras que afectan ao camiño de Rego da Manga, dado que non consta a titularidade municipal deste e tampouco a preceptiva autorización do Servizo de Estradas autonómico, o 11/3/2015 modifícase o proxecto técnico da obra de referencia, sendo aprobado por Resolución do Alcalde 210/2015 do 11 de marzo.

**Quinto.** Por acordo da Xunta de Goberno Local de 12/03/2015 apróbase o expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente, autorízase o gasto, apróbase o PCAP e ordénase a apertura do procedemento de licitación, remitindo invitación ás seguintes empresas:

- EXCAVACIONES OVIDIO,SL
- TARRÍO Y SUÁREZ, SL
- EXCAVACIONES Y OBRAS PÚBLICAS GALICIA,SL

**Sexto.** Transcorrido o prazo de cinco días naturais outorgado para a presentación das ofertas as 3 empresas invitadas presentan a súa oferta en prazo.

**Sétimo.** Tralo exame da documentación achegada e a negociación cos licitadores participantes, o



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@concellodepadron.es](mailto:correo@concellodepadron.es)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

18/05/2015 requírese a EXCAVACIONES OVIDIO, SL, que foi a empresa que obtivo a mellor puntuación para que no prazo improrrogable de 5 días hábiles presentase a seguinte documentación:

- a) Documentación relacionada na cláusula 19.1 e 19.2 do PCAP, dado que o licitador presentou a declaración responsable á que se refire o artigo 146.4 do TRLCSP.
- b) Certificados de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Padrón e coa Comunidade Autónoma de Galicia
- c) Constitución da garantía definitiva por importe do 5 por cento da importe de adxudicación, excluído o IVE, por calquera dos medios a que se refire o artigo 96 do TRLCSP (2.531,08 €)
- d) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometeu a adicar ou adscribir á execución do contrato.

**Oitavo.** En data 22/05/2015 o adxudicatario proposto presenta a devandita documentación, dentro do prazo outorgado para elo, e incorpórase á mesma o certificado expedido ese mesmo día de que non ten débedas con este Concello.

**Noveno.** Examinada a documentación administrativa presentada, a secretaria municipal conclúe que:

- Que se presenta correctamente a documentación mencionada nos apartados a) e i) da cláusula 19.1 do PCAP e a mencionada na cláusula 19.2.
- Que os apartados b), d) e) f) g) e h) da cláusula 19.1 quedan debidamente acreditados coa inclusión do contratista no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña
- que en relación á solvencia técnica ou profesional (cláusula 19.1.i), os certificados de boa execución das obras máis importantes realizadas nos últimos cinco anos preséntanse mediante copia simple. Non obstante, a solvencia podería quedar acreditada igualmente si a clasificación que posúe o licitador inclúe este tipo de obras, o cal foi obxecto do informe técnico solicitado.

**Décimo.** Por providencia do Alcalde de 25 de maio solicítase informe técnico sobre si a clasificación da empresa nos grupos, subgrupos e categoráis que se especifican no Rexistro de Empresas Contratistas da Deputación Provincial da Coruña é suficiente para acreditar a solvencia técnica e sobre a suficiencia e correcta acreditación da dispoñibilidade dos medios técnicos. Este informe resulta emitido o 27 de maio e conclúe que:

1. A clasificación como empresa contratista de obras que acredita EXCAVACIONES OVIDIO, SL, non é suficiente para xustificar a solvencia técnica dado que faltaría o subgrupo 04 (con firmes de mistruas bituminosas) do grupo G (vías e pistas).
2. Que na documentación acreditativa de ter a efectiva disposición dos medios persoais e materiais falta a correspondente á seguinte maquinaria:
  1. Tractor rodas 101/130 CV
  2. Cepilladora de arames
  3. Máquina autopulsada pintado pavimento
  4. Contenedor para residuos construción e demolición (RCD) de 6 m3
  5. Camión 10 m3 tracc. Total c/guind. 16 tm.

**Décimo primeiro.** No acto de comprobación da documentación presentada a secretaria municipal fai constar que de acordo ao criterio da Junta Consultiva de Contratación Administrativa, recollido no apartado 1.9.1.3.1 da Recomendación 32 que di que "si el licitador presentara la documentación a que se refiere el

*artículo 146.1 en el plazo señalado pero la misma se presentara incompleta o con defectos subsanables, esta Junta Consultiva considera que el órgano de contratación deberá darle a este licitador plazo para subsanar que sea suficiente”, enténdese que o defecto detectado en relación á solvencia técnica sería subsanable. Non así a documentación acreditativa da efectiva disposición dos medios persoais e materiais, tal e como establece o artigo 152.2 do TRLCSP, que dí: << 2. El órgano de contratación requerirá al licitador que haya presentado la oferta económicamente más ventajosa para que, dentro del plazo de diez días hábiles, a contar desde el siguiente a aquél en que hubiera recibido el requerimiento, presente la documentación justificativa de hallarse al corriente en el cumplimiento de sus obligaciones tributarias y con la Seguridad Social o autorice al órgano de contratación para obtener de forma directa la acreditación de ello, de disponer efectivamente de los medios que se hubiese comprometido a dedicar o adscribir a la ejecución del contrato conforme al artículo 64.2, y de haber constituido la garantía definitiva que sea procedente. Los correspondientes certificados podrán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos o telemáticos, salvo que se establezca otra cosa en los pliegos. Las normas autonómicas de desarrollo de esta Ley podrán fijar un plazo mayor al previsto en este párrafo, sin que se exceda el de veinte días hábiles.*

*De no cumplimentarse adecuadamente el requerimiento en el plazo señalado, se entenderá que el licitador ha retirado su oferta, procediéndose en ese caso a recabar la misma documentación al licitador siguiente, por el orden en que hayan quedado clasificadas las ofertas>>.*

**Décimo segundo.** En base ao anterior, o 28 de maio do 2015 acórdase:

Primeiro. Entender que EXCAVACIONES OVIDIO, SL, retirou a súa oferta ao non ter acreditado debidamente a efectiva disposición dos medios materiais e técnicos que se comprometeu a adscribir á obra, tal e como dispón o artigo 152.2 do TRLCSP e a cláusula 19.4 do PCAP que rexen esta contratación.

Segundo. Requirit a EXCAVACIONES Y OBRAS PÚBLICAS GALICIA, SL, a documentación relacionada na cláusula 19.1, 19.2 e 19.3 do PCAP que rexen esta contratación, ao tratarse do licitador que obtivo a segunda mellor puntuación.

Terceiro. Notificar o presente acordo a EXCAVACIONES OVIDIO, SL, coa indicación de que non pon fin á vía administrativa, sen prexuízo de que poida formular as alegacións que estime pertinentes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.

**Décimo terceiro.** O 29 de maio rexístrase de saída a notificación a EXCAVACIONES OVIDIO, SL, e o requerimento a EXCAVACIONES Y OBRAS PÚBLICAS GALICIA, SL, para que presente no prazo máximo de 5 días hábiles a documentación relacionada na cláusula 19.1, 19.2 e 19.3 do PCAP, ao tratarse do licitador que obtivo a segunda mellor puntuación.

**Décimo cuarto.** O 5 de xuño do 2015 o segundo adxudicatario proposto presenta a devandita documentación, dentro do prazo outorgado para elo, incorpórase á mesma o certificado expedido o 29 de maio de que non ten débedas con este Concello e o 8 de xuño o arquitecto técnico Francisco Ferro González emite informe sobre a suficiencia e a correcta acreditación da dispoñibilidade dos medios técnicos que se comprometeu a adscribir á execución desta obra.

**Décimo quinto.** Por Resolución do Alcalde 436/2015, de 8 de xuño, decláranse admitidos no procedemento a todos os licitadores participantes, outórgase a cada un deles a puntuación correspondente segundo as fórmulas e criterios recollidos na cláusula 16 do PCAP, enténdese que EXCAVACIONES OVIDIO,SL, retirou a súa oferta ao non ter acreditado debidamente a efectiva disposición dos medios materiais e técnicos que se comprometeu a adscribir á obra e adxudícase o contrato a EXCAVACIONES Y OBRAS PÚBLICAS GALICIA, SL, por un prezo de 61.200,00 €, cítase ao representante da empresa adxudicataria para a formalización do contrato en documento administrativo en data 9 de xuño e noméase director facultativo e coordinador de seguridade e saúde ao enxeñeiro de camiños, canles e portos, Julio César Rojo Martínez, designando á empresa EUROCONSULT, SA, para realizar o control de calidade externo a costa do contratista.





# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@concellodepadron.es](mailto:correo@concellodepadron.es)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

**Décimo sexto.** A dita resolución é notificada a tódolos interesados, e en data 9 de xuño do 2015 formalízase en documento administrativo o contrato da obra de referencia, publicándose o mesmo día no Perfil do contratante.

**Décimo sétimo.** En data 05/06/2015, con NRE 4798, o representante da empresa EXCAVACIONES OVIDIO, SL, solicita a devolución da garantía definitiva depositada en metálico o 22/05/2015 por importe de 2.531,08 €, para responder da execución da obra "Sobrerribas a Cruxeiras de Abaixo (Carcacia), por non ter resultado adxudicatario da mesma.

**Décimo oitavo.** En data 23/06/2015 a interventora municipal informa a dita solicitude de devolución en sentido favorable habida conta de que o solicitante, EXCAVACIONES OVIDIO, SL, non resultou adxudicatario do contrato da obra de referencia, por entender que retirou a súa oferta ao non ter acreditado debidamente a efectiva disposición dos medios materiais e técnicos que se comprometeu a adscribir á obra.

## **Fundamentos de Dereito.**

**Primeiro.** Tendo en conta as consideracións do informe da interventora municipal e sendo a Xunta de Goberno Local o órgano competente para acordar a devolución da garantía solicitada,

## **PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**Primeiro.** Aprobar a devolución a EXCAVACIONES OVIDIO,SL, da garantía definitiva prestada en metálico o 22/05/2015 por importe de 2.531,08 € para responder da execución do contrato de obra denominado "Camiño Sobrerribas a Cruxeiras de Abaixo (Carcacia) e outro", toda vez que non resultou adxudicatario do contrato de referencia, por entender que retirou a súa oferta a non ter acreditado debidamente a efectiva disposición dos medios materiais e técnicos que se comprometeu a adscribir á obra.

**Segundo.** Notificar o presente acordo o interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Terceiro.** Dar traslado do presente acordo ao departamento de Tesoureira.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Aprobar a devolución a EXCAVACIONES OVIDIO,SL, da garantía definitiva prestada en metálico o 22/05/2015 por importe de 2.531,08 € para responder da execución do contrato de obra denominado "Camiño Sobrerribas a Cruxeiras de Abaixo (Carcacia) e outro", toda vez que non resultou adxudicatario do contrato de referencia, por entender que retirou a súa oferta a non ter acreditado debidamente a efectiva disposición dos medios materiais e técnicos que se comprometeu a adscribir á obra.

**Segundo.** Notificar o presente acordo o interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Terceiro.** Dar traslado do presente acordo ao departamento de Tesoureira.

**37.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA CONSTITUÍDA EN GARANTÍA DAS OBRIGAS DERIVADAS DAS OBRAS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE FACHADA E INSTALACIÓN DE ESTADA PARA EXECUCIÓN**

## DE OBRAS EN RÚA LONGA, 3 SOLICITADA POR ILDUARA AGRASAR QUINTÁ.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 14 de xullo de 2015:

### <<Antecedentes administrativos:

**Primeiro.** Por Resolución da Alcaldía número 239/2015 de data 18/03/2015 outórgase licenza de obra a Ilduara Agrasar Quintá para levar a cabo obras de conservación e mantemento de fachada e instalación de estada para a execución das obras. En dito expediente prevíase a constitución dun aval por importe de 200,00 euros en concepto de garantía de execución de obras solicitadas.

**Segundo.** O dita garantía foi depositada en metálico nas arcas municipais o 27/02/2015.

**Terceiro.** En data 27/04/2015, con NRE 3553, a interesada solicita a devolución do aval depositado, unha vez rematadas as obras que traen causa do expediente de referencia.

**Cuarto.** O informe técnico emitido o 13/05/2015 polo arquitecto técnico ao servizo do Concello de Padrón, Jesús Baliña de Jesús, en sentido favorable á devolución do aval de referencia .

**Quinto.** En data 10/06/2015 sométese o expediente á fiscalización da intervención municipal que emite o seu informe na mesma data en sentido favorable á devolución do aval de referencia.

### Fundamentos de dereito:

**Primeiro.** Asumindo coma motivación o exposto no informe do arquitecto técnico don Jesús Baliña de Jesús, de data 13/05/2015, ao abeiro do disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

**Segundo.** Considerando que o órgano competente para a devolución de fianzas é a Xunta de Goberno Local, ao abeiro do disposto no artigo 14 do Regulamento Orgánico Municipal, publicado no BOP número 27 de 3 de febreiro de 1998.

### PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

**PRIMEIRO:** Devolver a dona Ilduara Agrasar Quintá, a fianza depositada en metálico en data 27/02/2015, por importe de 200,00 euros, para responder das obrigas derivadas das obras de conservación e mantemento de fachada e instalación de estada para execución de obras na Rúa Longa, por entender que está acreditada a realización a satisfacción da Administración das obras garantidas.

**SEGUNDO:** Notificar o presente acordo ós interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Devolver a dona Ilduara Agrasar Quintá, a fianza depositada en metálico en data 27/02/2015, por importe de 200,00 euros, para responder das obrigas derivadas das obras de conservación e mantemento de fachada e instalación de estada para execución de obras na Rúa Longa, por entender que está acreditada a realización a satisfacción da Administración das obras garantidas.

**SEGUNDO:** Notificar o presente acordo ós interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@concellodepadron.es](mailto:correo@concellodepadron.es)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tf: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

## **38.- DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS A DON JOSÉ RAMÓN CASTRO TABOADA.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 14 de xullo de 2015:

### **<<Antecedentes administrativos**

**Primeiro:** En data 29 de abril de 2015, don José Ramón Castro Taboada ingresou nas arcas municipais 10,00 € en concepto de abono de dous menús para a comida de confraternidade celebrada con motivo da XXV festa institucional da terceira idade o día de San Xoan do Raio.

**Segundo:** En data 26 de maio de 2015, con NRE 4502, don José Ramón Castro Taboada presenta escrito solicitando a devolución de ingresos indebidos por importe de 10,00 €, habida conta de que se tiña feito o ingreso por erro non sendo procedente o abono do mesmo nas arcas municipais, senón no establecemento hoteleiro e de restauración no que se celebrou o evento de referencia (Vidalferres, SL)

**Terceiro:** En data 13 de xullo de 2015 a interventora municipal emite o seu preceptivo informe no que se fiscaliza favorablemente a devolución de ingresos indebidos de referencia.

### **Fundamentos de Dereito**

**Primeiro:** Visto o disposto no Real Decreto 520/2005, de 13 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa; a propia Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; o Real decreto 1163/1990 de 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para a realización da devolución de ingresos indebidos de natureza tributaria; o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

**Segundo:** Visto o artigo 14 do Regulamento Orgánico Municipal publicado no BOP da Coruña nº 27 de 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

### **PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**Primeiro:** Aprobar a devolución de ingresos indebidos a don José Ramón Castro Taboada, por importe de 10,00 euros en concepto de abono de dous menús para a comida de confraternidade celebrada con motivo da XXV festa institucional da terceira idade o día de San Xoan do Raio, por tratarse dun ingreso erróneo por non ser procedente o abono do mesmo nas arcas municipais, senón no establecemento hoteleiro e de restauración no que se celebrou o evento de referencia (Vidalferres, SL)

**Segundo:** Aprobar o gasto que comporta a devandita devolución de ingresos indebidos por importe de 10,00 euros.

**Terceiro:** Ordenar o pago do devandito importe ao interesado en concepto de devolución de ingresos indebidos.

**Cuarto:** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

